

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO EVENTO “inqEDU: falemos de educación” A EXECUTAR NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA OS DÍAS 28 E 29 DE MAIO DE 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizará coa CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL o instrumento convencional arriba referido por unha duración vinculada ao momento que cese o desenvolvemento nel previsto e, en todo caso, antes da finalización do actual exercicio económico.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Fundación e a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, para o desenvolvemento do evento “inqEDU: falemos de educación” a executar na Cidade da Cultura de Galicia os días 28 e 29 de maio de 2019.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”.

A Fundación ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), e segundo o artigo 6 dos estatutos constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

[...] b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.[...]

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.[...]

[...] g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.



Pola súa parte, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; o ensino da lingua galega no sistema educativo regrado; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter educativo; as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Formación Profesional. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e na demais normativa que sexa de aplicación.

Así mesmo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional apoia o desenvolvemento de fórmulas cooperativas co resto de administracións que permitan acadar un nivel óptimo na calidade da ensinanza non universitaria dos centros docentes públicos, e neste senso as partes asinantes coinciden en que é necesario aproveitar as celebracións do “inquEDU. Falemos de Educación” para ter unha maior transcendencia na promoción da innovación educativa, diversidade e cultura emprendedora da comunidade Autónoma, cun mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles.

O “inquEDU. Falemos de Educación”, dentro da programación desenvolvida polo Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia, configúrase como un evento para compartir inquiredanzas, divulgar ideas e fomentar o debate e a reflexión sobre a educación. Na edición do ano 2019, a primeira xornada (a desenvolverse o día 28 de maio de 2019), está adicada á poñer en coñecemento o proxecto ComunicaTedu, concurso instado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para centros públicos de ensino non universitario, e que, para o



actual exercicio, procura dar resposta á necesidade sentida de afondar na competencia en comunicación lingüística do alumnado por parte dun conxunto numeroso de centros galegos, que manifestaron esta interese a través da oferta da materia de Oratoria para a súa impartición en 1º ou 2º da ESO cunha carga horaria de unha hora semanal. Ademáis, na edición do 2019 respóndese tamén á necesidade de traballar estratexias e dinámicas que contribúan á prevención da violencia de xénero e á sensibilización da comunidade educativa cun problema de fondo calado social. En definitiva, preténdese afondar na adquisición da competencia en comunicación lingüística do alumnado dos centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A xornada contará con actuacións musicais, charlas motivacionais, entrevistas e entrega de premios

A segunda xornada (día 29 de maio de 2019), está centrada na visibilización dos proxectos e iniciativas que se impulsan nos centros educativos dende a propia Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Tendo en conta o anterior, a Fundación e a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

